



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua: Comunicación escrita e oral en lingua española

Materia	Lingua: Comunicación escrita e oral en lingua española			
Código	V01G180V01103			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Rodríguez Vega, María Regina			
Profesorado	Rodríguez Vega, María Regina			
Correo-e	xinavega@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia presenta algúns coñecementos e técnicas básicas para conseguir que o alumnado mellore a súa capacidade de comunicación oral e escrita en lingua española.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz
A4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria
A6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao
A8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos
A10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao
A11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva
A12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
B1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética

B4 Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Fundamentar con coñecementos teóricos una adecuada, coherente y correcta expresión oral y escrita en lingua española.	A1 A4 A6	B1
Analizar y valorar críticamente ejemplos de expresión oral y escrita.	A8 A11 A12	B1 B3
Desarrollar autonomía para producir y corregir diversos tipos de textos orales y escritos, utilizando adecuadamente los recursos de la lengua española.	A9 A10	B2 B4

Contidos

Tema	
Tema 1. Conceptos básicos sobre corrección lingüística	1.1. Norma e uso 1.2. A norma académica e o concepto de estándar culto en español 1.3. A política lingüística panhispánica da RAE
Tema 2. Materiais de consulta sobre a norma e o uso do español	2.1. Os dicionarios: tipos e contido 2.2. As gramáticas 2.3. Outras obras: manuais de estilo e de normativa
Tema 3. A norma ortográfica do español	1.1. Acentuación 1.2. Ortografía léxica 1.3. Maiúsculas e minúsculas 1.4. Puntuación
Tema 4. Gramática: os erros máis frecuentes	4.1. O substantivo. 4.2. O adxectivo 4.4. Os determinantes 4.5. O verbo 4.6 Os pronomes relativos 4.7. A preposición 4.8. O adverbio 4.9. Locucións verbais, prepositivas e adverbiais
Tema 5. Prácticas de escritura	5.1. Redacción de textos para fixar normas ortotipográficas 5.2. Exercicios de gramaticalización e lexicalización 5.3. Exercicios de coherencia e cohesión discursiva 5.5. Transformacións textuais
Tema 6. A comunicación oral	6.1. O catro principios fundamentais 6.2. Ferramentas necesarias para falar correctamente (a voz, a modulación, a dicción, o ritmo, a respiración, a pausa, etc.) 6.3. Normas básicas protocolarias

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	2	4
Sesión maxistral	19	45	64
Presentacións/exposicións	6	18	24
Traballos tutelados	6	13	19
Resolución de problemas e/ou exercicios	14	14	28
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	0	2
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	3	6	9

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	A actividade introductoria consistirá en expor os obxectivos e as principais tarefas previstas para o curso. Así mesmo delimitaranse as principais liñas temáticas do curso.
Sesión maxistral	Actividade teórica. Exposición teórica da materia que irá acompañada de exemplos que aseguren a comprensión axeitada dos temas.
Presentacións/exposicións	Actividade práctica. Os alumnos exporán de forma oral un traballo preparado previamente de forma individual.

Traballos tutelados	Actividade práctica. Os alumnos realizarán traballos dirixidos pola profesora e recibirán asesoramento tanto sobre a forma como sobre o contido.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade práctica. Realizaranse diversos exercicios na aula co obxectivo de relacionar teoría e práctica.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Para a realización de traballos tutelados e para a resolución de exercicios, reservarase un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Os alumnos que o desexen poderán concertar horas de consulta coa profesora de forma adicional ao horario establecido para as titorías.
Traballos tutelados	Para a realización de traballos tutelados e para a resolución de exercicios, reservarase un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Os alumnos que o desexen poderán concertar horas de consulta coa profesora de forma adicional ao horario establecido para as titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Presentacións/exposicións	Consistirá na exposición oral por parte do alumnado (individual, por parella ou en grupo de 3 ou 4 persoas) dun tema lingüístico concreto que se escollerá entre os propostos pola docente. O obxectivo é avaliar a competencia oral dos discentes nun contexto formal.	25
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Consistirá nun exame que abordará os temas estudados durante o curso. Nesta proba terán cabida preguntas de carácter teórico e outras de carácter práctico. Realizarase na antepenúltima sesión docente e dedicaranse as dúas últimas sesións a tarefas de revisión e comentario das probas realizadas.	50
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Consistirá na elaboración dun traballo proposto en clase (resumo de artigos, valoración crítica dunha obra literaria, etc.) no que se avaliará a competencia do alumnado no relativo ao dominio das técnicas e mecanismos de síntese e redacción dun texto.	25

Outros comentarios sobre a Avaliación

Ao inicio do curso, os alumnos deberán indicarlle á docente a forma de avaliación pola que optan, é dicir, avaliación continua (asistencia regular, traballos de aula, presentacións, proxectos, probas, etc.) ou avaliación única (exame oficial da materia fixado pola Facultade). Os discentes que se acollan ao sistema de avaliación única realizarán un exame no que terán cabida cuestións teóricas e prácticas. Os alumnos que opten pola avaliación continua e que non superen a materia ao final do cuadrimestre poderán presentarse á avaliación única na segunda edición de actas (xullo) e nas sucesivas convocatorias, nas que non se gardarán as cualificacións obtidas a través das probas, actividades e traballos realizados ao longo do curso. Os estudantes Erasmus poderán realizar as probas coa axuda dun dicionario. Tanto nas probas coma no resto dos exercicios propostos ao longo do curso penalizaranse os erros ortográficos, os erros na expresión, as incoherencias sintácticas, etc. Se durante a corrección de actividades e traballos detéctase copia ou plaxio, os referidos traballos non se valorarán. A avaliación das lecturas obrigatorias relízase no exame final.

Bibliografía. Fontes de información

Aleza Izquierdo (coord.), **Lengua española para los medios de comunicación: usos y normas actuales**, Valencia: Tirant lo Blanch,

Cassany, Daniel, **La cocina de la escritura**, Anagrama, Barcelona,

Couto, Manuel, **Cómo hablar bien en público. Comunicar, persuadir y convencer con palabras**, Gestión 2000, Barcelona,

Fernández Romero, Jose Antonio, **Manual atípico y sinóptico para la corrección de textos (ortografía y morfosintaxis)**, Universidade de Vigo,

Montolío, Estrella (coord), **Manual práctico de escritura académica**, Ariel, Barcelona,

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA Y ASOCIACIÓN DE ACADEMIAS DE LA LENGUA ESPAÑOLA, **Nueva gramática de la lengua española**, Madrid, Espasa,

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA, **Ortografía de la lengua española**, Madrid, Espasa,

A bibliografía complementaria e específica para cada tema comentarase na clase.

Recomendacións

Outros comentarios

Para cursar esta materia requírese que os discentes posúan un nivel de español equivalente a un A1.
